


REGISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO




SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 06/03/2020 14:43:20

SAIDA

3163/20





Reclamante:  en representación 





Expediente. Nº **RSCTG 15/2020**

Correo electrónico:

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por  en representación da  mediante escrito do 15 de xaneiro de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 3 de marzo de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.  en representación da   presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 15 de xaneiro de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo, da súa solicitude presentada con data do 7 de xuño de 2019, 07/06/2019 á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia de acceso en formato dixital á información e informes arqueolóxicos sobre a Mámoa do Monte Perrol.

O reclamante indicaba que non recibiu notificación de resolución expresa polo que entende que a súa solicitude foi desestimada por silencio administrativo.

O escrito viña acompañado de copia da reclamación presentada e da declaración de impacto ambiental do ano 2004 da dita mámoa.

Segundo. Con data 20 de xaneiro de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Cultura e Turismo para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data 31 de xaneiro de 2020 a Subdirección Xeral de Innovación e Coordinación Administrativa da Consellería de Cultura e Turismo contesta a petición remitindo o informe e copia do expediente instruído.

Neste informe a Consellería indica que a Mámoa do Monte Perrol GA15014068, foi localizada no ano 2002, incorporada e avaliada no Estudo de Impacto Ambiental do Parque Eólico Silvarredonda, estudo que foi informado favorablemente pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural en data 26 de marzo de 2004.

Con data do 5 de xuño de 2004, autorizouse o proxecto de control e seguimento arqueolóxico da construción do Parque Eólico Silvarredonda pola Dirección do Patrimonio Cultural, autorización que incorporaba as medidas correctora recollidas no citado informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. As medidas correctoras en relación á Mámoa do Monte Perrol, GA15014068, foron executadas no transcurso dos traballos de control e seguimento arqueolóxico da construción do Parque Eólico Silvarredonda.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión



da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, reconece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Consellería de Cultura e Turismo non resolveu a solicitude de acceso á información expresamente, polo que debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

[REDACTED] solicitou acceso á información e informes arqueolóxicos sobre a Mámoa do Monte Perrol, información que debemos considerar como incluída dentro do concepto de información pública establecido no artigo 234 da Lei 1/2016, por tratarse de documentos ou contidos adquiridos ou elaborados pola Consellería de Cultura e Turismo no exercicio das súas funcións.

A Consellería informa na documentación remitida a esta Comisión de cando foi localizada a Mámoa, cando foi incorporada e avaliada no Estudo de Impacto Ambiental do Parque Eólico Silvarredonda, cando foi informado ese estudo pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, e cando foi autorizado o proxecto de control e seguimento arqueolóxico da construción do Parque Eólico. Tamén consta que se executaron as medidas correctoras recollidas no informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. A Consellería remite así mesmo copia da dita documentación.

A asociación reclamante non solicitou a elaboración dun informe sobre a tramitación do expediente referente á Mámoa do Monte Perrol, senón o acceso, en formato dixital, á información e informes arqueolóxicos sobre a dita mámoa, acceso que non consta que se lle

dera, e sen que pola Consellería se faga a máis mínima referencia aos motivos polos que o dito acceso non se concedeu.

Non se aprecia que a información que se solicita poida estar afectada por algún dos límites de acceso previstos na Lei 19/2013, ou en que medida podería darse a información, de ser o caso, despois de disociala para garantir o dereito de acceso á información non estritamente afectada polos límites (información parcial, art. 16 da Lei 19/2013), polo que debe aportarse a información pedida, aínda que con carácter previo debe examinarse a mesma e, de forma motivada, realizar a disociación dos datos ou contidos parciais que podan verse afectados de forma clara polos límites legalmente previstos (artigos 14 e 15 da Lei 19/2013), salvo no caso de que despois da ponderación tamén prevista, se comprobe que debe prevalecer o interese público ou privado que xustifique en calquera caso o acceso (art. 14.2 da referida Lei).

A resolución que se dite, debe formalizarse co ofrecemento de todas as garantías propias do procedemento de acceso á información pública, entre as que se conta o ofrecemento do correspondente recurso substitutivo.

Debe lembrarse que de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obrigaón de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] en representación [REDACTED] con data 15 de xaneiro de 2020, contra a desestimación por silencio administrativo, da súa solicitude de acceso á información e informes arqueolóxicos sobre a Mámoa do Monte Perrol.

Segundo: Instar á Consellería de Cultura e Turismo, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar á Consellería de Cultura e Turismo a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío e da resposta ao reclamante, e de ser o caso, da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

76706870F Firmado digitalmente
 por 76706870F MARIA
MARIA DOLORES DOLORES FERNANDEZ
FERNANDEZ (R: (R: S6500009C)
S6500009C) Fecha: 2020.03.06
 09:36:58 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.